

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan competencia da Axencia, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Don Julio Ernesto Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña, en nome e representación da mesma, en virtude do disposto no Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, polo que se nombra reitor magnífico da Universidade da Coruña ao profesor doutor Julio Ernesto Abalde Alonso.

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público acordan que a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público dos que sexa titular a devandita Universidade sexa realizado a través dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola Comisión Seguimento prevista no presente convenio.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento, sen prexuízo do previsto na cláusula oitava, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado dixitalmente ao marxe

